

UNIDADE DIDÁCTICA 3

A ROMA ANTIGA. XEOGRAFÍA E CRONOLOXÍA

3.1. Xeografía da Roma antiga

3.1.1. O embrión: o Lacio

3.1.2. Primeira expansión: *Italia tota*

3.1.3. Segunda expansión

3.1.3.1. Parte suroriental de Hispania e Norte de África

3.1.3.2. Grecia

3.1.4. Terceira expansión

3.1.4.1. Asia Menor e Oriente Próximo

3.1.5. Cuarta expansión

3.1.5.1. Gália, resto de Hispania, Centroeuropa e Dalmacia

3.1.5.2. Britania

3.1.5.3. Dacia

NOTAS E ACTIVIDADES

1. Marca no mapa da páxina seguinte as seguintes rexións do Imperio Romano: *Italia*, *Hispania*, *Gallia*, *Asia*, *Macedonia*, *Mauretania*, *Britannia* e *Aegyptus*. Engade na táboa que aparece baixo o mapa os nomes dos países que hoxe ocupan os seus territorios.

2. Ó pé do mesmo mapa verás os nomes latinos das seguintes cidades e ríos. Debes situálos no mapa e anotar na táboa os topónimos actuais:


Emerita Augusta, Byzantium (sive Constantinopolis), Roma, Lucus Augusti, Baetis, Lutetia, Bracara Augusta, Minius, Colonia Agrippina, Nilus, Tarraco, Danuvius, Carthago, Rhenus, Londinium, Hiberus

PARA LEMBRAR

1. Debes saber situar nun mapa as rexións do Imperio Romano mencionadas na actividade 1, engadindo os países actuais que ocupan eses territorios.

2. O mesmo debes poder facer con 5 cidades e 3 ríos. Non poderá haber máis de 3 cidades e ríos concentrados na mesma rexión. Axúdate da presentación *Visións do mundo romano [Xeografía]*





CIDADES				RÍOS	
Emerita Augusta		Bracara Augusta		Baetis	
Byzantium		Colonia Agrippina		Minius	
Roma		Tarraco		Nilus	
Lucus Augusti		Carthago		Danuvius	
Lutetia Parisiorum		Londinium		Rhenus	
				Hiberus	

3.2. Cronoloxía da Roma antiga

3.2.1. Os etruscos: un pobo envolto en misterio

3.2.2. Lendas sobre a fundación

3.2.2.1. A lenda de Eneas

3.2.2.2. Rómulo e Remo

3.2.3. A Monarquía: máis lenda que historia

3.2.4. A República

3.2.4.1. Ata as Guerras Púnicas

3.2.4.2. As Guerras Púnicas

3.2.4.3. A crise da República: as guerras civís

3.2.5. O Imperio

3.2.5.1. O Alto Imperio ou Principado

3.2.5.2. O Baixo Imperio ou Dominado

NOTAS E ACTIVIDADES

1. Busca información sobre as lendas de Eneas e Rómulo e Remo. Utiliza como guía algunhas diapositivas da presentación *Historia de Roma*. Tamén che poden servir as seguintes palabras clave: **Eneas, Dido, rei Latino, Turno, Alba Longa, Amulio, Numítor, Rea Silvia, rapto das sabinas**. Deberás expoñer brevemente na clase o que atopes. Logo das exposicións, chegaremos a unha redacción consensuada, que deberás anotar aquí.



PARA LEMBRAR

1. Debes coñecer e saber expoñer por escrito, de xeito resumido, as lendas de Eneas e da fundación de Roma por Rómulo e Remo.

2. Debes saber situar cada período da Historia de Roma. Para iso, retén os datos cronolóxicos fundamentais, tal como aparecen nesta táboa. Lembra que podes axudarte da presentación *Historia de Roma*:

CRONOLOXÍA	FEITOS IMPORTANTES	
FUNDACIÓN E MONARQUÍA (753-509 a. C.)	21 de abril de 753 a. C.: Fundación 509 a. C.: Rebelión da nobreza patricia e expulsión dos reis	
REPÚBLICA (509-27 a. C.)	Ata as Guerras Púnicas (509-264)	Patricios e plebeos entran en conflito pola igualdade de dereitos: acórdase o código escrito das Leis das XII Táboas (450) Os galos saquean Roma (390): ningún inimigo entrará en Roma ata o final do Imperio Expansión cara ó sur de Italia e Grecia
	As Guerras Púnicas (264-146)	Roma choca na súa expansión mediterránea con Cartago. Librará tres guerras contra ela, das cales a máis perigosa será a II Guerra Púnica ou Guerra de Aníbal (218-201)
	Crise da República (146-27)	Os políticos romanos recorren cada vez máis ó exército para gobernar un enorme territorio: César conquista a Galiá (60-50) César é visto como sospeitoso de tomar o poder absoluto, e é asasinado (44) Guerras civís entre os sucesores de César (43-30), das cales sae vencedor Gaio Octavio, coñecido como Octavio Augusto, que instaura o Imperio
IMPERIO (27 a. C.-476 d. C.)	Alto Imperio ou Principado (27 a. C.-281 d. C.)	Primeiras dinastías: máxima expansión territorial do Imperio Romano s. III: Anarquía militar
	Baixo Imperio ou Dominado (281-476 d. C.)	Diocleciano divide o Imperio entre Oriente e Occidente Constantino fai do cristianismo a relixión oficial do Imperio (313) Descomposición do Imperio e reparto entre os pobos xermánicos ata o final do Imperio Romano de Occidente (476)